

BASES DO PREMIO Á CONVIVENCIA

1. Para poder valorar en que condicións encontra cada grupo a súa aula, coa axuda do/a titor/a farase unha descrición do estado dos mobles, persianas, paredes, ventás, etc., indicando os danos ou desperfectos que presenta. Enviar correo a: igualdade@n1ribeira.net (engadindo fotos se o considerades necesario).
2. Valorarase a colaboración do grupo nas tarefas de limpeza: non tirar lixo ao chan, utilizar as caixas de reciclaxe, deixar as cadeiras enriba das mesas ao rematar a xornada, manter as mesas limpas (na parte superior e inferior), colocación ordenada das mesas, non utilizar os armarios da aula para acumular lixo...
3. En canto ao coidado do equipamento, terase en conta a limpeza do encerado, que haxa xiz para escribir, bo estado do ordenador, teclado e pantalla, que se apaguen as pantallas e as luces ao final das sesións...
4. A existencia de faltas de conduta puntuará negativamente como indicativo de mal comportamento.
5. A existencia de faltas de puntualidade puntuará negativamente, igual que a non xustificación de faltas de asistencia ou puntualidade.
6. Terase en conta que o grupo propoña e leve a cabo iniciativas que supoñan unha mellora no acondicionamento da aula, así como de acondicionamento ou limpeza doutras dependencias do centro (previa comunicación ao titor/a e ao equipo directivo).
7. Teranse en conta as iniciativas de grupos que propoñan e desenvolvan actividades solidarias ou que supoñan unha mellora na convivencia.
8. Terase en conta a participación de persoas do grupo nas actividades non lectivas propostas polo centro: Clubs de lectura e ciencias, parladoiro, asemblea de igualdade...
9. Dispoñerase un marcador onde mensualmente se irá actualizando a puntuación de cada grupo/aula.
10. Para realizar a valoración mensual establecerase unha comisión formada por dúas persoas do equipo de Igualdade, dúas persoas do alumnado, unha persoa do equipo directivo, unha persoa da ANPA e unha persoa do equipo de limpeza. As revisións faranse unha vez ao mes en datas aleatorias.
11. Premiarase a progresión en positivo ou o mantemento nun bo nivel de puntuación.

